

Os misteriosos medos da noite ennegrecida

Xosé Otero Canto 3 de outubro de 2025

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.37879.php>

Os aires, no ir e vir das pólas das árbores, que de inverno, corredoiro arriba, corredoiro abaixo, pasan xemendo e os misteriosos medos sempre crebando o silencio das mortas follas, que caendo dos eidos dos que naceron son como navalladas silentes que na tanxente cortan a noite e fan codias mouras das franxas que se abaten cortadas entre a nacemento e a mortalidade da mesma noite.

Badaladas ao lonxe dunha campá que resoa medidas en ecos que traspasan e resóns que atribulan nos oídos, como rezos que veñen do profundo, aterecendo as ánimas e suspirando ladaíñas cheas de preguias envolventes das que o ar en círculos fai celtismo inxente e o mesmo moucho voando entre o frus-frus das súas ás agoreiras de tristura e bufando ao vento coma o tren que pita na anoitecida un longo "ulular", que se chanta nos miolos e creba os sons que do silencio fan batida.

O moucho revoa no camposanto como un morto sen cadaleito buscando outra vez o furado do que se levantou na noite entristecida. Un ruxir misterioso atropelado de ánimas que se escorrentan coas badaladas salteadas ferindo o cemiterio alongado de nichos, fosas e sepulturas incertas da noite ennegrecida.